


# Polos camiños do Ulla



2017

Goza o Ulla



PROGRAMA PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE:  
 A ESTRADA | AGOLADA | ANTAS DE ULLA | ARZÚA | BOQUEIXÓN  
 CATOIRA | DODRO | MONTERROSO | PADRÓN | PALAS DE REI  
 PONTECESURES | RIANXO | SANTISO | SILLEDA | TEO | TOURO  
 VALGA | VEDRA | VILA DE CRUCES | VILAGARCÍA DE AROUSA

Máis información e actividades complementarias:  
 concellos participantes, [gozadoulla@gmail.com](mailto:gozadoulla@gmail.com),  
<https://www.facebook.com/Gozaoulla>



## PADRON RECUNCHOS DO ULLA E SAR

GPS: N: 42° 44' 14.6"  
O: 8° 39' 32.6"

**Data:** Sábado, 16 de Setembro de 2017  
**Hora saída:** 9:00 h. **Distancia:** 17,1 Km.  
**Dificultade:** Media  
**Punto de encontro:** Centro Social Conc. de Padrón  
**Contacto e información:** Tel.: 646 593 319  
[turismo@padron.gal](mailto:turismo@padron.gal)

Ruta circular que percorre as beiras dos ríos Sar e Ulla, practicamente cha ata o km 12; inicio da ascensión ó monte de Lestrove para chegar ó seu mirador, onde se divisa toda a comarca do Ullán e o noso río ata a Ría de Arousa onde desemboca. Esta ruta permítenos facer un roteiro cultural pasando por elementos característicos desta zona, como as pesqueiras da lamprea, o Convento de Herbón, a Fundación Rosalía de Castro e O Santiaguíño do Monte; lugar onde se di que predicou o apóstolo Santiago.



## PONTECESURES OLLANDO O ULLAN

GPS: N: 42° 43' 19.7"  
O: 8° 39' 03.7"

**Data:** Domingo, 17 de Setembro de 2017  
**Hora saída:** 9:00 h. **Distancia:** 17,5 Km.  
**Dificultade:** Media  
**Punto de encontro:** A Plazuela (centro urbán)  
**Contacto e información:** Tel.: 986 564 410  
[xuventude@pontecesures.org](mailto:xuventude@pontecesures.org)

O roteiro leva por nome "Ollando o Ullán". Este camiño comeza no centro urbán de Pontecesures. A continuación adéntrase nas ladeiras dos montes Castro Valente e Salgueiras, desde as que se pode observar na súa totalidade o Val do Ullán e o sinuoso trazado que fai o río Ulla no centro deste val. Cabe destacar algúns lugares de interese, como son: o Mirador de Galiñeira e os Petroglifos da Pedra da Serpe.



## VALGA VISTA PANORÁMICA VAL DO ULLA

GPS: N: 42° 41' 44.2"  
O: 8° 38' 19.6"

**Data:** Sábado, 23 de Setembro de 2017  
**Hora saída:** 9:00 h. **Distancia:** 11 Km.  
**Dificultade:** Alta  
**Punto de encontro:** Entorno igrexa de San Miguel de Valga  
**Contacto e información:** Tel.: 986 559 456  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

A Ruta "Vista panorámica Val do Ulla" ofrécenos fermosas vistas da ría, do río Ulla e tamén de montes e concellos limítrofes. Visitarase a capela dos Martores, de orixe paleocristián, inspirada na arquitectura romana. Dise que nos arredores existiu unha necrópole sueva e que puido ser onde se enterrou ó mesmísimo Prisciliano. Destacamos tamén o Petroglifo Pedra da Serpe; fermosa pegada artística dos nosos ancestros.



## DODRO BRANAS DE LAIÑO

GPS: N: 42° 44' 0.05"  
O: 8° 40' 0.90"

**Data:** Sábado, 30 de Setembro de 2017  
**Hora saída:** 10:00 h. **Distancia:** 15 Km.  
**Dificultade:** Baixa  
**Punto de encontro:** Pazo de Lestrobe  
**Contacto e información:** Tel.: 981 802 532  
[deportes@concellodedodro.org](mailto:deportes@concellodedodro.org)

Ruta cun perfil moi chan e favorable. Ten entre 0,5 e 15 metros de elevación. Percorre na súa totalidade a veiga de Lestrobe e as brañas de Laiño. Considerado un dos humídais máis importantes de Europa e onde habita a maior poboación da escribenta das canaveiras, en serio perigo de extinción. O camiñante poderase achegar ó ulla no seu curso baixo e percatarse da súa inmensidade e de todo o que o rodea ó seu paso por Dodro. Toma o testigo do curso do río onde remata o veciño Padrón e entrégallo a Rianxo.



## CATOIRA ENXERGANDO O ULLA: DE SAN CIBRÁN A PEDRAS MIÚDAS

GPS: N: 42° 39' 59.3"  
O: 8° 43' 21.3"

**Data:** Domingo, 8 de Outubro de 2017  
**Hora saída:** 10:00 h. **Distancia:** 10,5 Km.  
**Dificultade:** Media  
**Punto de encontro:** Area Recreativa Fonte Gaiteira  
**Contacto e información:** Tel.: 986 546 014  
 Departamento de Cultura  
[monica.catoira@gmail.com](mailto:monica.catoira@gmail.com)

Ruta circular que parte da Fonte Gaiteira, sobe ata a área recreativa e ermida de San Cibrán e continúa por camiños forestais desde os que se pode divisar a desembocadura do Ulla. Poderemos gozar tamén dunha magnífica vista da Ría de Arousa desde os Muíños de Vento de Trasdaveiga. O percorrido descende logo ata a Lagoa Pedras Miúdas, espazo declarado Lugar de Interese Comunitario, e remata no punto de partida.



## RIANXO AS TRES CRUCES

GPS: N: 42° 40' 04.5"  
O: 8° 44' 23.5"

**Data:** Sábado, 14 de Outubro de 2017  
**Hora saída:** 10:00 h. **Distancia:** 14 Km.  
**Dificultade:** Baixa-Media  
**Punto de encontro:** Escolas de Quintáns  
 Parroquia de Isorna  
**Contacto e información:** Tel.: 667 185 576  
[turismo@concelloderianxo.gal](mailto:turismo@concelloderianxo.gal)

Roteiro circular que trascorre pola beira do río Ulla até chegar a un Vía Crucis marítimo-fluvial situado no Cabo de Trececrucés, na ladeira do Monte Palleiro. Percorrer a desembocadura do río Ulla pola marxe do concello de Rianxo permitirá ollar a outra marxe pertencente ós concellos de Catoira e Vilagarcía, incluíndo a Illa de Cortegada e a Ría de Arousa. O roteiro continuará das Tres Cruces até as Cercas, seguindo polo lugar do Souto até chegar ao punto de inicio.




## VILAGARCIA DE AROUSA DA AMEIXA DE CARRIL AO PAZO DA GOLPELEIRA

GPS: N: 42° 36' 51.8"  
O: 8° 46' 39.2"

**Data:** Domingo, 22 de Outubro de 2017  
**Hora saída:** 9:00 h. **Distancia:** 20 Km.  
**Dificultade:** Media  
**Punto de encontro:** Porto de Carril, diante de Cortegada  
**Contacto e información:** Javier Villaronga  
 Tel.: 986 099 200, ext. 214  
[turismo@vilagarcia.es](mailto:turismo@vilagarcia.es)

Saída dende o Porto de Carril, diante da illa Cortegada, subida ata o monte Xiabre divisando a desembocadura do Ulla e a ría de Arousa, con parada no mirador de Bamio, descenso ata o encoro do Con, para continuar ata ao pazo da Golpelleira e visita aos seus xardíns. Logo chégase ao paseo marítimo para retornar ao punto de saída.



## Inscrición nos Concellos correspondentes o martes previo á realización da actividade.

- Non se permite a acampada en ningunha das súas modalidades.
- Ir en silencio, permitírase observar a fauna.
- Observa a flora e a fauna sen danala nin arrincala, para que todos poidamos seguir gozando dela.
- Recordá recoller o lixo e levalo a un lugar axeitado.
- Non se permite facer lume. Se ves fume chama ao 112 dos servizos de emerxencias.
- Leve o seu móbil cargado.
- Rroupa e calzado cómodos, adaptados a climatoloxía.
- Coñecer e descubrir non é unha carreira de fondo.